



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 28 DE XULLO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e oito de xullo de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Dona Manuela Iglesias Collarte, excepto Don Anxo Collarte Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteun de xullo do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE 28/10/2004/5055-OM/1306.

“Visto o escrito de D. Luis Otero Vidal de data 22 de Abril de 2008 con rexistro de entrada 2634 onde solicita licenza de Primeira Ocupación para vivenda unifamiliar illada.”

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 7 de Xullo de 2008 no que se fan as seguintes consideracións:

1.1 Respecto a los retranqueos laterales, la vivienda construida tendría que situarse según el Proyecto, licencia y fundamento urbanístico de la Ordenanza 3.2.2 USOS MIXTOS, GRADO B. “Unifamiliar: Retranqueo 3 m a todos los linderos”.

Siendo las medidas tomadas sobre el terreno las siguientes.

Margen Derecha: respecto a la parcela de D. Manuel F. Gómez: 2,90 y 2,96 m.

Margen Izquierda: respecto a la parcela de D. Benito Ferro: 2,60 metros.

Margen Posterior: se construyo una edificación de planta baja y uso residencial en adose a la línea respecto a la parcela posterior y que



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

según consta en la documentación del Proyecto pertenece al mismo propietario, construcción que no corresponde al Proyecto tramitado y Licencia otorgada.

2. *Tipificación de la Infracción:*

Según el Art. 217 de la LOUGA.

Corresponde a Infracciones Graves, Art. 217-3.a)

Visto o Informe Xurídico de data 23 de Xullo do 2008 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1ª.- O art. 194 paragrafo 2º da Lei 9/2002 somete a previa licenza municipal a primeira utilización dos edificios confirmando así a previsión do art. 10 do Decreto 28/99 de Disciplina urbanística de Galicia.

2ª.- Como establece a STS do 18.06.97 a licenza de primeira ocupación de un edificio é unha autorización administrativa necesaria que ten por finalidade contrastar si se respetaron en realidade a licenza de construción, comprobando si se cumpriron ou non as condicións establecidas en dita licenza e controlando se o edificio reúne as condicións idóneas de seguridade e salubridade e pode habilitarse para o uso a que se destina. Non se suple a omisión de solicitar tal licenza polo simple transcurso do tempo.

3ª.- Como se desprende do informe técnico de data 7.07.08 existen diferencias sustanciais en relación co construído sobre o proxectado e así a necesidade de retranqueo respecto dos lindeiros non se cumpre practicamente en ningún deles, ademáis da existencia dunha construción non recollida no proxecto, polo cal sería de aplicación o art. 209 da LOUGA que recolle a reposición da legalidade urbanística no caso das obras non axustadas as condicións sinaldas na licenza de obra, de xeito que si a obra fose legalizable deberían arranxarse polo particular as deficiencias descritas correspondendo en caso contrario a demolición a súa costa, asi mesmo a reposición da legalidade levaría aparellada a correspondente sanción urbanística, tratándose no caso concreto como se desprende do informe técnico dunha infracción grave regulada no art. 217 paragrafo 3º apartado a).

CONCLUSIÓNS

En base os argumentos expostos infórmase desfavorablemente ó outorgamento da licenza de primeira ocupación correspondendo no seu caso a incoación do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular e vistos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente acorda por unanimidade denegar o outorgamento da licenza de primeira ocupación interesada por Don Luis Otero Vidal, por ser contraria anormativa urbanística.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

2.- EXPEDIENTE 18/03/2008/1748-OM/104.

“Visto o escrito de D. Enrique Rodríguez Alfaro de data 18 de Marzo de 2008 con rexistro de entrada 1748 onde solicita licenza de obras para vivenda unifamiliar illada.”

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 22 de Xullo de 2008 no que se fan as seguintes consideracións:

<<En referencia al presente expediente administrativo, identificado por la Consellería de Cultura y concretamente por la C.T.P.H, como el nº 66/359, se deberá resolver teniendo en consideración lo acordado por la Comisión en su Sesión del día 26/06/08. >>

Visto o Informe Xurídico de data 22 de Xullo do 2008 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓN XURIDICAS

1ª.- Como se desprende do informe técnico de data 22.07.08 deberase resolver o expediente tendo en consideración o acordado pola Comisión de Cultura que na súa sesión de 26.06.2008 acordou o seguinte:

“- Desestimar o proxecto xa que se considera que pola composición volumétrica proposta e a diversidade de materiais a empregar non se busca ningunha relación, sen intención de adaptación ó núcleo rural onde se inserta

- A vivenda presenta un alzado cara u oeste no que se aprecia claramente a descomposición volumétrica, aparecen tódolos materiais empregados nos acabados de fachada e grandes ocos. Todo esto fai que a vivenda entre en competencia directa, no que a presenza se refire, co conxunto de edificacións formado pola igrexa, a rectoral, a casa grande, sen integrarse nin relacionarse para nada co mesmo nin co propio núcleo rural existente, sendo o impacto do volume que se plantexa moi negativo para as prexistencias do lugar e para os elementos obxecto de protección.”

CONCLUSIÓN

En base os argumentos expostos infórmase desfavorablemente ó outorgamento da licenza de obras solicitada por Don Enrique Rodríguez Alfaro.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular e vistos os informes técnicos e xurídicos e o parecer da comision de cultura obrantes no expediente acorda por unanimidade denegar a licencia de obras interesada por ser contraria anormativa urbanística.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.

CONDICIÓN URBANÍSTICAS

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Rosa Dominguez Lorenzo** con domicilio en Ramal nº 2, Francelos, con número de rexistro de entrada 4257. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 22.07.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Rúa Encrucillada nº 4, Francelos a solicitude de Dona Rosa Dominguez Lorenzo de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Rosa Dominguez Lorenzo** con domicilio en Ramal nº 2, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4256. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 22.07.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Rúa Encrucillada nº 7, Francelos a solicitude de Dona Rosa Dominguez Lorenzo de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Comunicacion da Conselleria de Vivenda e Solo con data de rexistro de entrada 24 de xullo de 2008 e co numero RE-4530 onde di: “ Vista a solicitude presentada por ese concello de data 26 de abril de 2007, pola que Gonzalo Dávila Recasens, solicita a renuncia do expediente O-AR-00162/05 de Areas de Rehabilitación, comunicaselle a aceptacion de pleno dereito da renuncia formulada, procedéndose ao arquivo das actuacións”.

2.- Comunicacion da Conselleria de Vivenda e Solo con data de rexistro de entrada 24 de xullo de 2008 e co numero RE-4531 onde di: “ Vista a solicitude presentada por ese concello de data 22 de marzo de 2007, pola que Angeles Alonso Rios, solicita a renuncia do expediente O-AR-0138/04 de Areas de Rehabilitación, comunicaselle a aceptacion de pleno dereito da renuncia formulada, procedéndose ao arquivo das actuacións”.

3.- Comunicacion da Conselleria de Vivenda e Solo con data de rexistro de entrada 24 de xullo de 2008 e co numero RE-4526 onde di: “ Vista a solicitude presentada por ese concello de data 22 de marzo de 2007, pola que Flora Fernández Fernández, solicita a renuncia do expediente O-AR-0045/05 de Areas de Rehabilitación, comunicaselle a aceptacion de pleno dereito da renuncia formulada, procedéndose ao arquivo das actuacións”.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CONGALLE S.L., servizo de recollida de lixo, mes de febreiro 2008, por importe de 7.054,47 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

TOMA DE COÑECEMENTO DE XUBILACION DE TRABALLADORA MUNICIPAL.

“A Xunta de Goberno, por unanimidade, toma coñecemento da xubilación por razóns de idade, da traballadora municipal, Dona Maria Carmen Martínez González con efectos do 30 de xuño de 2008”.

Dase conta por parte do Concellerío do BNG Don Xabier Carreira Sebio da proposta relativa a solicitude de subvención en relación coas bases reguladoras para a concesión, en reximen do concorrencia competitiva das subvencións destinadas aos Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Programa Concellos dixitais 2008-2009 no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1.- Aceptar expresamente todas as condicións e requisitos establecidos nas bases do Programa Concellos dixitais 2008-2009.

2.- Remitir a Concellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a solicitude segundo modelo normalizado xunto coa demais documentación necesaria para os efectos oportunos.

3.- Aprobado o proxecto denominado: plan director sociedade da información. Do concello de Ribadavia. Elaboración do plan e aplicación das actividades turístico culturais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Dase conta por parte do Sr. Alcalde Don Marcos Blanco Jorge do Convenio suscrito entre o consorcio Galego de Servizos da Igualdade eo Benestar e o Concello de Ribadavia para a xestión da Galescola de Ribadavia integrada na Rede Galega de Escolas Infantis. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO